

## ETERNA SINESTESIA

Quero contar todas as costuras da túa pel

Empaparme nos teus ollos

Perderme nas túas propias mans

Quero sentir os teus murmurios

E escoitar o silencio quebrarse

Quero acariñar os teus recordos

Ullir os teus te queros

E cravarche mil e una agullas de estaño

Abrirte na procura do noso amor

Berrarlle ao teu corazón ámote

Que preciso coser as nosas almas

Nun momento eterno.

## BICOS PERDIDOS

Arríncame o alma

E lévame ao teu carón

Mírame con eses ollos de orballo

Profundos e fríos

Fermosos

Ámame como só ti sabes

E apértame con agresividade

Déixame rozar a túa voz

Déixame gozar das túas doces melodías

Déixame fundirme nun agarimo

Contigo e coa túa alma

Arríncame os beizos, os ollos e a pel

Déixame espido e aráñame coas túas  
palabras

Quero ver esa fervente paixón

Nun corpo

Nun sentimento

Nun quérate

Nun breve e eterno momento.

## AMOR CORROSIVO

Mírame aos ollos e con calma

Atravésame

Respiramos o mesmo aire

Así que non tremas

Mírame aos ollos e atravésame

Faino sen piedade

Crávame as túas espiñas no peito

Ábreme xa

Fúndete connmigo e cóseme o corazón

Arde para sempre neste delicado inferno floral

Non teñas medo

Compartamos teu veneno a través dun bico

Non semella un paraíso estar xuntos?

Transformarei as túas espiñas nunha coroa

Rosas negras e cinza

Descóseme,

Acaba connmigo,

Fuxe.